

Benvidos a Elsinor!

Obriga de coro é escoitar o vento que pasa.


11

Lector ávido, Cunqueiro combinou o gusto pola aventura literaria coa fidelidade aos clásicos. Entre estes tivo especial devoción por Miguel de Cervantes e William Shakespeare. Do primeiro aprendeu a contar en papel e, do segundo, a facelo con “figuras vestidas nunha trabada nun patio”.

Cunqueiro sentiu fascinación polo teatro. As dificultades para representar na época, unidas á súa crenza de que “teatro para ler, eu non o concibo”, fixeron que escribise menos pezas teatrais das que lle gustaría.




A representación de *Don Hamlet* estivo prohibida pola “pretensa inmoralidade da obra”, ata que un despistado censor lle deu o visto e praxe pensando que era unha tradución.



Cunqueiro en Elsinor. Tras visitalo, decepcionado, escribiu: “Nada queda que non sexa soñado”




Montaxes teatrais de *Si o vello Sinbad volvese ás illas* e *A noite vai coma un río*




A mediados dos cincuenta comeza a traballar n’*O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958), que será o seu gran proxecto teatral e a obra pola que terá “unha preferencia especial, máis aínda que polo propio *Merlín*”

Cunqueiro incluíu escenas teatrais en moitas das súas novelas, como a peza chinesa publicada en *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (ilustración de Xohán Ledo para a primeira edición)



Peza de Cunqueiro publicada na revista *Yunque*





No niño novo do vento | Cen anos con Álvaro Cunqueiro | 1911-2011

Non hai camposanto en Elsinor

Nin camposanto, nin sepultureiros,
nin ósos. Agora é unha alta torre
ninguén atopa un cráneo na areosa terra
co que falar da vida e de qué se fai
deica se chega á morte.

Sen camposanto Elsinor é un hotel de luxo
no que fai douscentos trinta e seis anos
que se finou un hóspede de vexigas. O derradeiro.
Por medo á peste,
ninguén o quería enterrar.
Tampouco había onde,
que non hai camposanto en Elsinor.

Faro de Vigo, 20-VI-1976